

Pode solicitar máis información
ou visitas guiadas no teléfono 981 554 630
web: www.cooperativasdegalicia.coop
e-mail: expocooperativa@eusumo.coop

A fórmula cooperativa preséntase como unha importante **alternativa de autoemprego** para aquelas persoas que teñen unha **idea empresarial viable** e queren levala adiante cuns valores de igualdade, **axuda mutua e responsabilidade compartida**.

DESCUBRE AS COOPERATIVAS

Empresas de Economía Social

CAMPUS DE LUGO - USC
FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS
Avda. Alfonso X O Sabio, s/n

do 19 ao 22 de novembro de 2013
de 9:30 a 14 h e de 16 a 17:30 h

EXPOSICIÓN



a fórmula cooperativa: unha gran opción de futuro para emprendedores

A fórmula cooperativa preséntase como unha importante alternativa de autoemprego para aquelas persoas que teñen unha idea empresarial viable e que ren levala adiante cuns valores de igualdade, axuda mutua e responsabilidade compartida.

Neste sentido, cómpre salientar o importante papel que están a xogar as cooperativas tanto en termos de emprego como de desenvolvemento social e rural, xa que as súas características específicas facilitan a súa adaptación á realidade socioeconómica galega.

Dado o seu destacado comportamento no mantemento e na creación de emprego, esta exposición quere afondar na promoción e divulgación da fórmula cooperativa como unha opción de futuro para emprendedores e público en xeral.

A exposición encádrase na Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, unha iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, que reúne os esforzos de diferentes axentes para estender o labor de promoción do cooperativismo e a economía social con dous obxectivos: a posta en marcha de novos proxectos cooperativos como motores de creación de emprego e a consolidación das empresas de economía social xa existentes.

www.cooperativasdegalicia.coop
www.eusumo.coop

a exposición

“Descubre as cooperativas” é un percorrido dinámico e interactivo polas potencialidades e solucións que ofrece o cooperativismo como modelo empresarial capaz de manter e crear emprego nun contexto de crise económica como o que estamos vivindo.

Esta exposición, organizada a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, permite ao visitante coñecer as claves do modelo cooperativo:

- que son as cooperativas
- tipos de cooperativas que existen
- como funcionan
- cales son os seus valores
- que pasos dar para crear unha
- que apoios existen

Así, mediante paneis informativos e pantallas interactivas, as persoas que visiten a mostra poderán, dun xeito entretido, achegarse aos distintos tipos de cooperativas, ao autoemprego cooperativo ou mesmo comprobar de primeira man se teñen “madeira de cooperativistas”.

